

Extracto da convocatoria ao abeiro das bases para a concesión de subvencións para programas de igualdade e de loita contra a violencia de xénero dirixidos a entidades para o ano 2025

Obxecto.- Apoio ás entidades locais para a realización ou mantemento de actividades e programas que desenvolvan en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero. As actividades obxecto da subvención deberán realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2025.

Entidades beneficiarias.- Entidades locais legalmente constituídas que cumpran os requisitos especificados na Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais e nas bases reguladoras.

1º) Entidades legalmente constituídas que desenvolvan actividades de interese para o concello dentro do seu termo municipal ou en beneficio del.

2º) Persoas físicas que realicen actividades de interese municipal e que cumpran os requisitos sinalados nas bases.

3º) Centros educativos ou consellos escolares dos Centros educativos do municipio.

Bases reguladoras.- Bases das subvencións para programas de igualdade e de loita contra a violencia de xénero dirixidas a entidades, publicadas no BOP.

Contías.- As contías destinadas son os importes consignados no presuposto ordinario para o ano 2025:

□ 6.000,00€ máximo con cargo á partida orzamentaria 231.48903

Criterios de valoración.- As bases reguladoras conteñen os criterios de concesión da subvención aplicables para a valoración dos proxectos presentados.

Prazo de presentación.- O prazo de presentación de solicitudes é de UN MES a contar dende o día seguinte ao da publicación no BOP.

Xustificación.- O prazo de xustificación remata o 30 de novembro de 2025, debendo tramitarse segundo se especifica nas bases reguladoras. Os gastos que se poden xustificar serán os efectivamente pagados pola entidade beneficiaria entre o 1 de xaneiro de 2025 e a data establecida para a xustificación da subvención.